



## GUÍA DE BOLSAS E AXUDAS PARA DESEMPREGADOS/AS, EXERCICIO 2020

A norma que regula o procedemento é a [Orde do 10 de decembro de 2019](#) (DOG núm. 237, do 13 de decembro). Mediante esta orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2020 (código do procedemento [TR301V](#)).

**INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO:** En relación ás bolsas e axudas que se soliciten para as accións formativas impartidas no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, poderán chamar ao teléfono 881 997 803 ou enviar un correo ao enderezo electrónico [administración.cnt@xunta.gal](mailto:administración.cnt@xunta.gal) para solicitar información ou consultar calquera dúbida que se lles presente.

**NOTAS ACLARATORIAS:** A información que se recolle nos seguintes puntos *é orientativa*, polo que as persoas interesadas deberán acceder ao texto orixinal da orde publicado no Diario Oficial de Galicia e coñecer o seu contido antes de presentar a súa correspondente solicitude.

- Persoas beneficiarias:
  - Poderán obter a *condición de persoas beneficiarias das subvencións* recollidas nesta orde aquelas persoas traballadoras desempregadas que participen nas accións formativas recollidas no artigo 1 da orde e que reúnan os requisitos exixidos con carácter xeral nela e nos artigos que se refiren a cada tipo de bolsa ou axuda, nos termos do disposto no capítulo IV e no anexo II da [Orde TMS/368/2019](#), do 28 de marzo.
  - Terán a *condición de persoas traballadoras desempregadas* aquelas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia na data de inicio da acción formativa ou no momento da súa incorporación á dita acción formativa.
  - No artigo 3 régúlase a casuística daquelas persoas que cambien de situación laboral durante o desenvolvemento do curso, pasando de desempregadas a ocupadas ou viceversa.
  - A persoa beneficiaria debe comprometerse a manter os requisitos que lle permiten o acceso á subvención durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito, de maneira que se deixa de cumprilos, estará obrigada a comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles dende que se produza tal circunstancia.
- Prazo de presentación das solicitudes (artigo 17 da orde)
  - Será dun mes dende a incorporación á acción formativa, ou dende que teña lugar o feito causante que determina o dereito, coa data límite do 30 de novembro de 2020.
  - Por razóns organizativas as solicitudes presentadas como consecuencia da participación en accións formativas que comecen a partir da entrada en vigor desta orde deberán presentarse a partir do 1 de xaneiro de 2020, respectando o prazo máximo dun mes establecido no punto anterior.



- A presentación da solicitude fóra de prazo dará lugar á súa inadmisión sen máis trámites, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da [Lei 39/2015](#), do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Modo de presentación das solicitudes (artigo 15 da orde)
  - No tocante ás persoas traballadoras desempregadas *que participen nas accións formativas impartidas no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, as solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral* e, para iso, terán que sinalar no cadro correspondente da solicitude (anexo I) a opción que corresponda.
  - As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado do anexo I, procedemento TR301V, dispoñible na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#).
  - Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (*o CNTG non é competente para recoller e rexistrar as solicitudes*).
  - Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave [Chave365](#).
  - O procedemento asociado para realizar a presentación é o "TR301V".
  - Determinada documentación poderá non ser necesario presentala sempre e cando se autorice expresamente a súa consulta á Administración ante o organismo competente (verificación de datos de identidade, datos de discapacidade, ...).
  - Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.
- Réxime de concesión das bolsas e axudas (artigo 4 da orde)
  - As subvencións reguladas nesta orde son todas compatibles e acumulables entre si, agás a axuda por transporte público e a axuda por transporte en vehículo propio que son incompatibles entre elas.
  - As bolsas de asistencia para persoas cunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 33% e para as persoas que participen nunha acción formativa solicitada dende o seu IPE (itinerario persoal individualizado de emprego) non se poderán percibir simultánea e acumulativamente.
  - O dereito do alumnado a percibir as bolsas e axudas recollidas nesta orde referirase a cada día de asistencia na correspondente acción formativa.
- Tipos de bolsas e axudas (artigos do 5 ao 9 da orde)
  - Bolsas de asistencia (art. 5):
    1. Para persoas con discapacidade
    2. Para persoas que participan nunha acción formativa do seu IPE
  - Axudas de transporte (art. 6):
    1. Transporte público urbano
    2. Transporte público interurbano
    3. Transporte en vehículo propio
  - Axudas de manutención (art. 7)
  - Axudas á conciliación (art. 8)
  - Axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero (art. 9)



<b>Códigos SICAS dos cursos da programación 2019/2020 (1/2)</b>		
Curso	Quenda	Código
Administración avanzada do SO Red Hat Linux - RHEL	Mañá	XTIFCT1914
Administración avanzada do SO Red Hat Linux - RHEL	Tarde	XTIFCT1915
Administración da BBDD Oracle 12c	Tarde	XTIFCI1903
Administración de bases de datos MySQL	Mañá	XTIFCI1904
Administración de redes - CCNA	Mañá	XTIFCC1901
Administración de sistemas operativos Linux - LPIC1	--	XTIFCT1911
Administración de sistemas Windows Server 2016	Tarde	XTIFCT1913
AWS Certified Developer	Mañá	XTIFCD1901
AWS Certified Developer	Tarde	XTIFCD1902
AWS Certified SysOps Administrator	Mañá	XTIFCT1901
AWS Certified SysOps Administrator	Tarde	XTIFCT1902
AWS Solutions Architect Associate	Mañá	XTIFCT1903
AWS Solutions Architect Professional	Tarde	XTIFCT1904
CCNP Route	Tarde	XTIFCC1902
Certified Computer Hacking Forensic Investigator	Mañá	XTIFCT1905
Certified Computer Hacking Forensic Investigator	Tarde	XTIFCT1906
Certified Ethical Hacker	Mañá	XTIFCT1907
Certified Ethical Hacker	Tarde	XTIFCT1908
Científico/a de datos Big Data Cloudera	Tarde	XTIFCI1901
Desenvolvemento Big Data Cloudera para Spark e Hadoop	Tarde	XTIFCD1903
Dirección de proxectos - CAPM	Mañá	XTIFCP1903
Dirección de proxectos - PMP	Mañá	XTIFCP1904
Dirección de proxectos - PMP	Tarde	XTIFCP1905
Dirección de proxectos áxiles - PMI ACP	Tarde	XTIFCP1906
Google Cloud Architect	Mañá	XTIFCT1909
Google Cloud Architect	Tarde	XTIFCT1910
Google Cloud Certified Professional Cloud Developer	Mañá	XTIFCD1904
Google Cloud Certified Professional Data Engineer	Tarde	XTIFCI1902
Instalación, configuración e xestión de VMware vSphere v6.5	Mañá	XTIFCT1916
Instalación, configuración e xestión de VMware vSphere v6.5	Tarde	XTIFCT1917
Introdución á programación en Java	--	XTIFCD1906
Introdución ás bases de datos relacionais	--	XTIFCI1905
ITIL Foundation	Mañá	XTIFCP1901
ITIL Foundation	Tarde	XTIFCP1902
Kanban e Lean para a xestión áxil de proxectos TIC	Mañá	XTIFCP1909
Kanban e Lean para a xestión áxil de proxectos TIC	Tarde	XTIFCP1910



<b>Códigos SICAS dos cursos da programación 2019/2020 (2/2)</b>		
Curso	Quenda	Código
PRINCE2 Foundation	Mañá	XTIFCP1907
PRINCE2 Foundation	Tarde	XTIFCP1908
Programación Web con HTML5, JavaScript , CSS3 e ASP.NET	--	XTIFCD1905
Scrum Master – Certificación Scrum Manager	Mañá	XTIFCP1911
Scrum Master – Certificación Scrum Manager	Tarde	XTIFCP1912
Virtualización e alta dispoñibilidade con Linux - LPIC3	Tarde	XTIFCT1912